

Acordo do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de outorgamento das autorizacións administrativas previa e de construción e de declaración de utilidade pública, en concreto, dunha instalación de distribución de enerxía eléctrica no concello de Padrón (expediente: IN407A 2024/202-1).

Expediente: IN407A 2024/202-1.

Solicitante/promotor: UFD Distribución Electricidad, S.A.

Denominación: regulamentación LMT. PAD-809 apoio A25G1ODK//38.

Concello: Padrón.

1. Características técnicas:

As instalacións de alta tensión obxecto deste expediente atópanse no lugar Loureiro, no concello de Padrón.

- Substitución de apoios n.º A25IA1FL//37 tipo 2xHP-2A-12, por tipo C-4500/12 e n.º A25G1ODK//38 tipo 2xHP-2A-12, por tipo C-3000/14 da LMT PAD809 (expediente 26.724), procedente da subestación Padrón. Retensado do tramo a 20 kV, condutor LA-110 e Pigeon, existente entre os apoios n.º A2658EST//36 e A25D1W8T//39, entre os apoios n.º 38 e n.º A24NT7JS//38-1, e entre os apoios n.º 37 e n.º A25R9C32//37-1.

2. Lexislación de aplicación:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE n.º 236, do 02/10/2015).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (BOE n.º 236, do 02/10/2015).
- Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE n.º 310, do 27/12/2013).





- Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica (BOE nº 310, do 27/12/2000).
- Resolución do 19 de febreiro de 2014, da Consellería de Economía e Industria, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción, de acordo co previsto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (DOG nº 54, do 19/03/2014).
- Lei do 16 de decembro de 1954, sobre expropiación forzosa (BOE nº 351, do 17/12/1954).
- Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o Regulamento da Lei de expropiación forzosa (BOE nº 160, do 20/06/1957).

A relación concreta e individualizada dos bens e dereitos afectados que se considera de necesaria expropiación figura no anexo que se xunta ao presente este acordo.

A declaración de utilidade pública, segundo o artigo 56 da Lei 24/2013, do sector eléctrico, levará implícita, en todo caso, a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación, para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954 (BOE núm. 351, do 17/12/1954).

A documentación estará á disposición das persoas interesadas nas dependencias da Sección de Enerxía da Dirección Territorial Consellería de Economía e Industria da Coruña, (rúa Vicente Ferrer, núm. 2, 2º andar, 15071 A Coruña), das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres, así como no taboleiro de anuncios do concello. Ademais, poderase consultar no portal de Transparencia e Goberno Aberto da Consellería de Economía e Industria:

<https://edicionportais.xunta.es/web/portal-cei-2014/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-electricas-distribucion-e-transporte>





Isto faise público para coñecemento xeral e particular das persoas propietarias dos predios que figuran na relación anexa a este acordo e das persoas titulares de dereitos reais ou intereses económicos, sobre os bens afectados que fosen omitidos.

Poderán examinar a documentación técnica, e de ser o caso, achegar as alegacións ou observacións que consideren axeitadas no prazo de 30 días, contados a partires do día seguinte ao da derradeira publicación deste Acordo.

A Coruña,
Isidoro Martínez Arca
Director territorial





Expediente: IN407A 2024/202-1.

ANEXO:

Regulamentación LMT. PAD-809 apoio A25G1ODK//38.										
Relación de bens e dereitos afectados – concello de Padrón.										
Predio proxecto	Persoa propietaria/titular	Referencia catastral	Paraxe	Afección de solo pleno dominio		Afección de solo por servidume de paso de enerxía eléctrica.				Natureza do terreo
				Apoio núm./Centro de transformación	Superficie (m ²)	ml. aé.	ml. sot.	m ² aé	m ² sot	
1	José García Trazar	15066B506010760000FG	Loureiro	Apoio nº 37 e 38	4.0					Rústico.

Abreviacións:

ml aé: lonxitude da servidume aérea en metros lineais.

ml sot: lonxitude da servidume soterrada en metros lineais.

m² aé: superficie de servidume aérea en m².

m² sot: superficie de servidume soterrada en m².

